

Suposto intento de fraude para acceder a datos fiscais suplantando á identidade dixital do Concello de Pontedeume (recordatorio de deberes legais)

Expediente: R.7.Q/15619/23

Santiago de Compostela, 16 de Xaneiro de 2024

Sr. alcalde :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, co DNI nº XXX, por situacións derivadas do suposto intento de fraude para acceder a datos fiscais suplantando á identidade dixital do Concello de Pontedeume.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos, en resumo, que :

-Que recibiu unha carta supostamente remitida polo concello a fin de solicitar os seus datos fiscais.

-Que dita carta, presenta varios signos (características do membrete, aparencia de cortado e pegado de imaxes, falta de firma ou selo, etc,... que lle fan dubidar da súa autenticidade.

-Argumenta que o devandito documento pretende ser unha notificación administrativa “*dando uns prazos e lugar e medios para a miña comparecencia a pesar de que usa a palabra comunicación no seu lugar*”. Engade, entre outras reflexións, que *o documento carece de validez por non conter os requisitos mínimos, e que é unha claro requirimento de documentación e comparecencia persoal*, e cuestiona os medios habilitados para elo.

Ante isto, solicitamos informe ao Concello de Pontedeume, que nolo remitiu. Acusamos recibo do mesmo no que se fai constar o seguinte:

No Concello de Pontedeume, estase a levar a cabo unha actualización do Padrón fiscal de Lixo. Con tal obxectivo o Concello, quixo poñer en coñecemento de cada veciño os seus datos fiscais obrantes no Concello, para que poida comunicar a dito Concello as rectificacións ou variacións, de ser o caso, que procedan, e deste modo efectuar as modificacións correspondentes e confeccionar o Padrón do ano 2024, cos recibos correctos.

A tal efecto, emitíuse unha comunicación individual de carácter xeralizado, a todos os veciños, de cara a que colaborasen nas tarefas de actualización. Dado o número de persoas afectadas, ditas actuacións están sendo levadas a cabo por unha empresa, a través dun contrato de servizo.

O artigo 18 da Lei 39/2015, establece que as persoas colaborarán coa Administración nos termos previstos na Lei que en cada caso resulte aplicable, e a falta de previsión expresa, facilitarán á Administración os informes, inspeccións e outros actos de investigación que requiran para o exercicio das súas competencias, salvo que a revelación da información solicitada pola Administración atentara contra o honor, a intimidade persoal ou familiar ou supuxeran a comunicación de datos confidenciais de terceiros dos que teñan coñecemento pola prestación de servizos profesionais de diagnóstico, asesoramento ou defensa, sen perxuízo do disposto na lexislación en materia de blanqueo de capitais e financiación de actividades terroristas.

En virtude deste precepto, solicitouse a colaboración dos veciños de cara a exercer as competencias tributarias en relación coa a xestión e recaudación da taxa de lixo.

Por outra banda, o artigo 26 da Lei 39/2015 regula a emisión de documentos polas Administracións Públicas, establecendo no apartado 3, que NON requirirán de firma electrónica, os documentos electrónicos emitidos polas Administracións Públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, así como aqueles que non formen parte dun expediente administrativo.

A dita comunicación os veciños efectuouse polo medio que se estimou admisible, tendo en conta o volume de veciños afectados (4.345), de xeito que todos eles tiveran a oportunidade de coñecer a información fiscal obrante no Concello.

En canto a forma en que o Concello optou para dar a oportunidade ós veciños, de coñecer a información fiscal obrante no Concello, hai que ter en conta o seguinte:

A notificación regulada no artigo 40 da Lei 39/2015, soamente ten por obxecto resolucións e actos administrativos que afecten a dereitos e intereses dos interesados, carácter éste, que non concorre neste caso.

En consecuencia, a comunicación pode facerse por calquera medio que permita alcanzar o seu fin. Non obstante, dado que os datos fiscais conteñen datos de carácter persoal, non era posible a comunicación mediante exposición pública, polo que se optou por comunicar individualmente a cada veciño os seus datos.

A comunicación de datos fíxose de xeito indiscriminado a todos os veciños, partindo dos datos catastrais, o que alcanzou a 4.345 veciños.

Co fin de que todo veciño tivera a oportunidade de coñecer a información que lle concerne, optouse por habilitar os seguintes medios:

- *Atención telefónica no horario e prazo indicado : 604 091 243 e 628 113 620.*

Os teléfonos habilitados corresponden ós da empresa contratada a tal fin.

- *Correo electrónico: docu.catastro@gmail.com*

No escrito obxecto do presente informe, alega que non é un correo corporativo do Concello de Pontedeume. Esta dirección de correo electrónica, foi habilitada ó efecto, pola empresa antedita, a efectos de poder xestionar tanto a recepción como a resposta dos correos recibidos, de forma masiva.

- *Atención presencial no local sito en Calle San Agustín 24.*

Por razóns técnicas de non colapsar as oficinas municipais, foi necesario alquilar un local, a efectos de poder atender as persoas que optaran polo medio de personación.

En resume, a finalidade principal desta comunicación é poñer en coñecemento de cada veciño os datos que figuran no Padrón fiscal, co obxecto de actualizar o Padrón fiscal da taxa de lixo do Concello de Pontedeume.

Debido a insuficiencia de medios, habilitáronse os medios indicados, co fin de facilitarlle ó veciño a tarefa de colaboración nesta labor levada a cabo polo Concello.

Ante isto, o veciño PODE optar por comunicar ó Concello as rectificacións ou variacións que procedan. Polo tanto, convén deixar claro, desde o principio, que esta operación de comunicación non é, en si mesma, unha operación de xestión do padrón fiscal, se non de mera "información" ós cidadáns.

Polo tanto, en relación ó escrito de queixa, presentado por XXX, ante a Valedora do Pobo, cabe aclarar que non existe suplantación de identidade do Concello de Pontedeume nin se trata de intento de apropiación de datos algún, toda vez que as ditas actuacións están sendo levadas a cabo polo Concello de Pontedeume, cos medios aportados pola empresa que está a levar acabo as actuacións indicadas.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: Da lectura do escrito de queixa extráense, á súa vez dúas cuestións:

-A primeira fai referencia a un posible delito de suplantación de identidade dunha administración pública, o concello, para, presumiblemente, apropiarse dos datos persoais do interesado e cometer algún tipo de estafa.

- A segunda ten por obxecto cuestionar a comunicación recibida polo queixante do concello, que, segundo argumenta, debería de ser una notificación, e polo tanto adolece dos preceptivos requisitos formais.

Segunda: En relación á primeira das cuestións, e tendo en conta o manifestado no informe da administración, non presenta dúbida algunha de que non estamos ante unha suplantación de identidade, dado que o mesmo concello recoñece a autoría da comunicación co obxecto de actualizar o padrón fiscal do lixo, e pescudando á colaboración cidadá solicitando información da veciñanza das rectificacións ou variación dos datos fiscais obrantes no concello.

Terceira: O documento enviado polo Concello expón que se están a levar traballos de comprobación da situación dos inmobles do municipio, manifesta que o destinatario comunique no prazo indicado, a través dos medios que se indican, a situación fiscal da vivenda/local cuxos datos referencia para comprobar que está dado de alta no padrón fiscal, e lembra que *“de non comunicar a situación fiscal dos inmobles, pode ser susceptible de que se lle liquiden os atrasos que correspondan”*. Fai un requirimento de información.

A realización efectiva do deber constitucional de contribuír ao sostemento dos gastos públicos, consagrado no artigo 31 do Texto Constitucional, esixe duns órganos encargados de preservar a virtualidade de dito mandato, estes órganos constitúen a denominada inspección de tributos. A nivel estatal a conforman órganos da administración da Facenda Pública, e que teñen como cometido fundamental a investigación de feitos e circunstancias con relevancia tributaria.

No eido local a inspección dos tributos non difire do anterior, xa que segundo refire o artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria (LXT), así como as disposicións que a desenvolven. Polo tanto está lexitimada legalmente a investigación dos feitos impoñibles para o descubrimento dos que sexan descoñecidos pola Administración e a súa atribución ao suxeito pasivo ou obrigado tributario. O artigo 91 establece o deber das persoas de proporcionar á administración tributaria toda clase de datos, informes... con transcendencia tributaria.

As actuacións levadas a cabo incardínanse nun procedemento de inspección ou comprobación tributaria.

A notificación é o acto mediante o cal a administración Pública pon en coñecemento dunha persoa física ou xurídica o contido dun acto administrativo que afecta real ou potencialmente os seus dereitos subxectivos ou intereses lexítimos. Os artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das administracións Públicas regula o seu réxime xurídico. Poñendo a atención no seu artigo 45, publicación, o mesmo prevé:

“1. Os actos administrativos serán obxecto de publicación cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.

En todo caso, os actos administrativos serán obxecto de publicación, fornecendo esta os efectos da notificación, nos seguintes casos:

a) Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas (...).

Por outra banda o artigo 46 do mesmo texto legal recolle que *“Se o órgano competente apreciase que a notificación por medio de anuncios ou a publicación dun acto lesiona dereitos ou intereses lexítimos, limitarase a publicar no Diario oficial que corresponda unha somera indicación do contido do acto e do lugar onde os interesados poderán comparecer, no prazo que se estableza, para coñecemento do contido íntegro do mencionado acto e constancia de tal coñecemento.*

Adicionalmente e de maneira facultativa, as Administracións poderán establecer outras formas de notificación complementarias a través dos restantes medios de difusión que non excluirán a obrigaón de publicar no correspondente Diario oficial.”

Cuarta: Polo tanto o concello dispón de mecanismos para obter a información requirida, acolléndose á regulación prevista nas normas, Lei 58/2003, Xeral Tributaria e Real Decreto 1065/2007, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, na súa labor de comprobación dos datos do padrón fiscal, de tal xeito que non ocasione ningún tipo de dúbidas aos destinatarios das notificacións que se practiquen dentro do procedemento de inspección tributaria.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que na súa labor inspectora o concello realice as actuacións necesarias para a comprobación dos datos fiscais seguindo o procedemento legalmente establecido.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo